



SEGUIMOS ESTANDO COS DESPEDIDOS e SANCIONADOS

MODIFICAMOS AS MOBILIZACIÓNS PARA DAR UNHA OPORTUNIDADE AO DIÁLOGO

A Empresa continúa coa súa estratexia manipuladora e enviou un escrito a tódolos Comités Provinciais, utilizando de xeito interesado as “confesións” feitas por unha das persoas despedidas, que decidiu asumir feitos que non realizara para librarse dese despedimento, ante a incerteza que xera xorgarse o seu futuro nun xuízo.

Ratificámonos en que a carta enviada polo Director de Recursos Humanos é unha clara chantaxe para os despedidos perseguindo desmobilizar ao persoal: esixir que as persoas despedidas recoñezan que participaron en feitos violentos (cando a empresa sabe que é absolutamente falso) e que non van volver a facer o que non fixeron, é humillante e é unha clara expresión da prepotencia do forte fronte ao débil.

Non entramos a valorar a actitude do despedido que se poida acoller a devandita proposta, aínda que non compartamos esa decisión. Pero outra cousa distinta son as organizacións sindicais: Estas deben apoiar en todo momento a aquel que non queira aceptar a chantaxe; aínda que sexa só un ou unha. Ninguén ten por que aceptar cargar cuns feitos que lle son totalmente alleos. **Por iso, seguiremos estando con calquera despedido ou sancionado que non acepte esa proposta.**

Reivindicamos ademais, que **se a empresa readmitiu a dous compañeiros, readmita tamén ao resto**, xa que a acusación é a mesma e non é admisible que teña distinto final.

Afirmamos tamén que estes despedimentos están directamente relacionados coa negociación do convenio e coas futuras mobilizacións que han de vir para facer fronte á Clasificación Profesional, pendente de negociación permanente, e por iso mesmo non podemos permitir que este conflito se peche con despedimentos ou con sancións arbitrarias.

Para nós é un principio fundamental: se a mobilización por un bo convenio adoita ser necesaria, ante a teima da empresa, O APOIO AOS COMPANEIROS E COMPANEIRA DESPEDIDOS E SANCIONADOS, É INDISCUTIBLE.

AS MOBILIZACIÓNS CONTINUARÁN

MENTRES A EMPRESA SIGA NEGÁNDOSE A DIALOGAR

As mobilizacións realizadas ata a data foron moi valiosas, cunha participación moi importante, a pesar de todas as dificultades que nos están poñendo (denegación de asembleas, servizos mínimos desorbitados, os paos nas rodas e mentiras daqueles sindicatos que non apoian as mobilizacións, etc.). Pero seguimos entendendo que é a vía para conseguir a readmisión dos compañeiros e compañeira que faltan.

O Comité de Folga xa solicitou a Recursos Humanos máis dunha reunión para resolver de forma dialogada os despedimentos e sancións. Pola súa banda a empresa, nun claro acto de falta de vontade de buscar solucións, non tivo a ben contestar a esas solicitudes de reunión mentres, por outra banda, dirixese a todo o persoal expondo as súas condicións para dar imaxe de benevolente: **que os despedidos e a despedida dobreguen o xeonllo e pidan perdón por algo que non fixeron.**

A pesar de todos estes desplantes e dando unha nova mostra de boa vontade para alcanzar unha solución dialogada ao conflito, o Comité de Folga decidiu modificar o sistema de mobilizacións, suspendendo os paros das 2 próximas semanas para intentar buscar unha solución nese período e convocando 3 ½ horas de paro a terceira semana se non se alcanzou esa solución. **O PRIMEIRO DESTES PAROS DE 3 ½ HORAS REALIZARÍASE O DÍA 16 DE OUTUBRO QUEDANDO SUSPENDIDOS OS PAROS DE 1 HORA DOS PRÓXIMOS 2 E 9 DE OUTUBRO.**

Con este cambio de modelo perséguese un tripló obxectivo:

- 1.- Dar unha oportunidade á procura dunha saída dialogada ao conflito (ao pospor os paros 2 semanas), posibilidade negada ata agora pola empresa.***
- 2.- Poder organizar con máis repouso accións para denunciar a represión sindical ante a opinión pública, xa que os paros semanais tíñannos moi absorbidos.***
- 3.- Facer paros máis espaciados e dunha duración maior, para preparalos mellor e poder realizar durante eles manifestacións na vía pública, para sacar a denuncia á rúa.***

Á Empresa debe quedarlle claro que isto non é máis que un cambio de estratexia, para mostrar a nosa boa vontade para alcanzar unha solución dialogada, pero que se a empresa non corresponde coa mesma boa vontade, as mobilizacións continuarán.

**¡¡OU SE READMITE AOS DESPEDIDOS E SE ANULAN AS SANCIÓN
OU TODOS E TODAS Á FOLGA DE 3 ½ HORAS O 16 DE OUTUBRO!!**

**SOLIDARIEDADE COS COMPAÑEIROS E
COMPAÑEIRA DESPEDIDOS e SANCIONADOS**

**RETIRADA DE SANCIÓN E DESPEDIMENTOS SI.
REPRESIÓN SINDICAL NON.**

29 Setembro 2008